

27 de setembro de 2018

Nova edición do programa de Fundación Repsol "Emprendemento en FP"

### **Formación en emprendemento e innovación para alumnos de FP**

Fundación Repsol puxo en marcha unha nova convocatoria de Emprendemento en FP, un innovador programa de formación no que os alumnos de ciclo superior de Formación Profesional da Coruña aprenderán diferentes técnicas e terán o reto de deseñar un proxecto empresarial de base tecnolóxica.

A través desta iniciativa, **Fundación Repsol** ofrece aos alumnos participantes formación en temas como liderado, creatividade, comunicación ou *lean startup*. Ademais, guiados por profesores do seu centro de formación e voluntarios Repsol, empregados da compañía enerxética, aprenderán como deseñar un proxecto empresarial de base tecnolóxica.

Como peche do programa haberá un **Demo Day** para presentar todos os proxectos ante un xurado e os dous mellores traballos recibirán un premio.

Os alumnos e profesores de FP interesados en participar no programa xa poden inscribirse a través do [formulario](#) en [fundacionrepsol.com](http://fundacionrepsol.com). O 2 e 3 de outubro celebraranse varias charlas motivacionais para alumnos e profesores:

- 2 de outubro, ás 10:30 h. na Universidade Laboral (Culleredo)
- 2 de outubro, ás 13:30 h. no CIFP Someso (A Coruña)
- 3 de outubro, ás 13:00 h. no CIFP Ánxel Casal-MA (A Coruña)
- 3 de outubro, ás 10:30 h. no Centro Cívico Os Mallos (A Coruña)

A entrada é libre ata completar aforamento.

Ademais da provincia da Coruña, o programa está a desenvolverse en Cidade Real, Rexión de Murcia e Tarragona, e xa se adheriron máis de 30 centros de formación profesional.

Tras o seu paso por [Emprendemento en FP](#), os alumnos melloran a súa empregabilidade, xa que adquiren formación en aspectos crave demandados polas empresas e ademais aprenden como emprender o seu propio negocio.

Para o desenvolvemento, Fundación Repsol conta coa colaboración do [Centro Internacional Santander Emprendimiento \(CISE\)](#).

A pasada edición, máis de 1.800 alumnos e profesores de 26 centros educativos participaron nesta innovadora iniciativa.

## **Fases do programa**

*Emprendemento en FP* desenvolveráse de outubro de 2018 a febreiro de 2019 en cinco fases consecutivas:

### HACKATÓN

Sesións en grupo para potenciar a creatividade dos estudantes, que deben buscar solucións innovadoras a problemas concretos. Un equipo de expertos seleccionará entre os participantes aos alumnos que liderarán os equipos durante o resto do programa. Proximamente daranse a coñecer as datas destes eventos a través da axenda de [fundacionrepsol.com](http://fundacionrepsol.com)

### LIDERAZGO

Os alumnos seleccionados no hackatón, xunto aos profesores de FP e os voluntarios Repsol, recibirán tres sesións de formación, co obxectivo de que aprendan diferentes técnicas e ferramentas para liderar equipos de traballo, así como cuestións sobre xestión empresarial para aplicarlas no desenvolvemento do proxecto.

### EQUIPOS

Tras participar nas actividades anteriores, chega o momento de formar equipos, nos que traballarán entre 3 e 5 alumnos, aos que se sumarán un titor (profesor de FP) e un voluntario Repsol (empregado da compañía enerxética), para asesorar durante todo o proceso.

### IDEACIÓN

Cada equipo traballará en desenvolver unha idea de negocio de base tecnolóxica. Neste proceso, ademais de contar co apoio do titor e os voluntarios, reciben cinco talleres de formación, co obxectivo de validar a súa idea e saber como comunicala.

### DEMO DAY

Ao final do programa, os participantes defenden o seu proxecto ante un xurado, competindo co resto de equipos da súa contorna xeográfica. Os dous mellores equipos de cada contorna recibirán ademais un premio.

Máis información en [fundacionrepsol.com](http://fundacionrepsol.com)